

# CICLO PLACERES OCULTOS

pequeñas joyas para grandes oídos



[Desconcerto Cultural](#) referenda coa presentación de *Placeres Ocultos*, un novo ciclo de concertos organizado pola asociación cultural, o seu compromiso coas propostas máis inxeridas do panorama nacional e internacional. Coas actuacións do artista folk italiano **Above the Tree** en Bueu e do dúo **Rue Royale** en Vigo, *Placeres Ocultos* quere dar a coñecer propostas marxinais, afastadas dos circuítos convencionais, mais repletas de talento: artistas descoñecidos mesmo para o público máis especializado, pero cunha enorme proxección artística; pequenas pedras preciosas que han facer as delicias do oínte máis esixente. As entradas xa poden ser adquiridas tanto en puntos de venda físicos coma a través de canles de distribución en liña.

O ciclo comezará o vindeiro 7 de abril co concerto de [Above the Tree](#), mestre italiano do folk «cacharrista» que, armado cunha guitarra acústica, a súa fantástica voz e infinitos aparatiños, ofrecerá un concerto inesquecible no **Bar Labranza (Meiro-Bueu)**. O artista transalpino estará acompañado no Labranza por **Gon Goitia**, guitarrista do grupo pontevedrés **Unicornibot**, que ofrecerá a súa particular visión do emprego das guitarras e da electrónica para crear atmosferas e ritmos de primeira clase.

Above the Tree, o proxecto creado por Marco Bernacchia no 2007, leva dende entón obsequiándonos cunha amálgama de atmosferas etéreas e melodías magoantes. Este eclecticismo está tamén presente no seu último disco, *Minimal Love*, no que alterna pezas de tropical e xeniais paisaxes sonoras con sabor a mar, pasado todo a través dun batedor de electrónica que non ha deixar indiferente a ninguén.

Ademais desta cita co ciclo Placeres Ocultos, Above the Tree presentará o seu electro-folk marciano noutros dous concertos os días 5 e 6 de abril, no **Clavicémbalo** de **Lugo** e na **Casa das Atochas** na **Coruña**, respectivamente. Nestas ocasións ha ser **Herrn Oscar (Vale Tudo, TAB)** quen inaugure o evento nas súas dúas encarnacións: como **Mullet** en Lugo e como **Herrn** na Coruña.

Por outra banda, a segunda entrega do ciclo *Placeres Ocultos* correspóndese co concerto que vai ofrecer o dúo angloamericano [Rue Royale](#) o 19 de abril na **Fábrica de Chocolate** de **Vigo**. Este matrimonio formado por **Brookln** e **Ruth Dekker** vén de publicar *Guide to an Escape*, o seu segundo álbum de longa duración. Trátase dun disco de 11 cortes, que segue a liña do seu primeiro álbum homónimo: cancións de folk meloso e de fácil dixestión, pero cuns arranxos e harmonías vocais capaces de dobregar os corazóns máis pétreos.

Rue Royale son o exemplo perfecto do cambio dos tempos no panorama musical, o cumio do «faino ti mesmo»: Ruth e Brookln producen e editan os seus discos, eles mesmos se encargan de procurar e xestionar os seus concertos, manteñen o seu sitio web, os perfís das redes sociais e as tendas en liña, e levan a promoción da súa música aos diferentes medios. A grande novidade, no seu caso, é que o fan cun éxito notable e que viven diso.

Logo de se mudaren a Inglaterra a mediados do 2008, venderon máis de 5.000 discos e ofreceron máis de 400 concertos por Europa e Estados Unidos, tocando en importantes festivais europeos como o **Eurosonic** ou o **End of the Road**, mais tamén en vivendas particulares ou casas ocupadas. A súa constancia estaos levando a conseguir numerosos *sold-out* na presente xira europea, un auténtico *tour de force* con máis de 40 concertos en apenas dous meses.

As entradas para os concertos xa están á venda no Bar Labranza para o concerto de Above de Tree e na tenda Honky-Tonk de Vigo para o concerto de Rue Royale. Do mesmo xeito, tamén se poderán mercar en liña a través de Ticketea, nas seguintes ligazóns: <http://abovethetree.ticketea.com> <http://rueroyle.ticketea.com>



**Above The Tree**

07 abril - 22:30H

Bar Labranza – Meiro, Bueu.

Anticipada: 3€

Taquilla: 5€

Socios: 3€(anticipada y taquilla)

**Rue Royale**

19 abril – 22:00H

Fábrica de Chocolate - Vigo

Anticipada: 6€

Taquilla: 8€

Socios: 5€